



## **EXPEDIENTE 460/2023**

**ASUNTO: ACTA SOBRE O ESTADO DA SOLICITUDE, CONCESIÓN E USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE NA TEMPADA 2023/24 (RESOLUCIÓN PROVISIONAL).**

*Lugar celebración* : oficinas dos Remedios, Concello Municipal de Deportes (CMD)

*Data* : 28/08/2023

*Hora comezo* : 16,30h

*Hora remate* : 20,00h

### **Asistentes**

Jorge Antonio Encinas Arnau, xerente do CMD

Marta Míguez Telle, coordinadora de deportes do CMD.

### **Orde do día**

Avaliación das solicitudes, concesión e uso das instalacións deportivas do Concello Municipal de Deportes de Ourense na tempada 2023/24. Resolución provisional.

### **DELIBERACIÓNS**

Procédese ao estudo e análise de cada solicitude tendo en conta o *Regulamento de utilización das Instalacións Deportivas Municipais* dependentes do Concello Municipal de Deportes de Ourense, os *critérios de valoración para a asignación de uso de instalación deportivas municipais* aprobados polo Consello Reitor e os rexistros de ocupación da tempada 2022-2023:

#### **1. BALONCESTO**

##### **1.1. ASOCIACIÓN BASKET OURENSE**

Mantén os horarios da tempada anterior no anexo.

##### **1.2. CD BBALL OURENSE**

Conserva no anexo as horas concedidas na tempada anterior, agás os xoves ás 20h, xa que tivo máis do 50% de ausencias na tempada anterior.





### 1.3. ASOCIACIÓN DEPORTIVA BOSCO SALESIANOS

Precisa competir en parquet por esixencias do regulamento federativo, por tanto disputará os seus encontros regularmente na cancha central os domingos ás 12h de xeito preferente, ou os sábados ás 19h de xeito esporádico e dispón da franxa horaria de 21.30h a 23h os venres na central.

## 2. BALONMÁN

### 2.1. BALONMÁN MIÑO

Concédeselle a franxa das 20h no anexo os luns e venres e os mércores en Oira ás 20.30h.

Para categorías inferiores conta con 2/3 do anexo os mércores e venres ás 17.30h.

### 2.2. CLUB BALONMANO PABELLÓN OURENSE

Mantén as franxas horarias en Oira, pero no anexo perde o uso na franxa de luns e mércores ás 21.30h e a franxa dos venres ás 20h debido ás ausencias que se manifestan nos rexistros de ocupación desa instalación durante a tempada 2022-2023, que superan o 50%.

Mantén martes, xoves e venres no anexo ás 21.30h.

## 3. FÚTBOL

### 3.1. OURENSE CLUB DE FÚTBOL SAD

Debido ás obras no campo de fútbol do Couto, o primeiro equipo tamén terá que adestrar e disputar en Oira todos os partidos. A distribución horaria no campo de F11 e no de F8 permanece estable. Dispón a maiores da última franxa no campo de F8 martes, mércores e xoves e medio campo os luns a última hora no campo de F11.

### 3.2. UD OURENSE

Concédense os horarios solicitados en Vilar e os partidos en Oira mentres duren as obras no campo de fútbol do Couto.

### 3.3. ESCUELA DE FÚTBOL FEMENINO ROSALÍA

Os horarios solicitados correspóndense cos da tempada anterior; no campo de F11 mantén a última franxa horaria dos venres a campo completo para o equipo sénior.

### 3.4. PABELLÓN OURENSE CLUB DE FÚTBOL

Mantén os horarios da tempada anterior no campo de F11 e F5.

Perde o uso do anexo na franxa de mércores e venres ás 17.30h e na central os luns á mesma hora debido ás ausencias reincidentes que se manifestan nos rexistros de ocupación das instalacións durante a tempada 2022-2023, e que superan o 50%.



### 3.5. CD PABELLÓN PROMESAS

Mantén os horarios da tempada anterior agás no campo de F5 dos Remedios, onde martes e xoves dispón do campo ata as 20.30h.

### 3.6. CLUB DEPORTIVO LA PURÍSIMA

Mantén os horarios no campo de fútbol 11 de Oira e concédeselle a franxa das 19h no campo de fútbol Monte da Aira os luns, martes, xoves e venres compartido co CD Velle, así como a última franxa no campo de F8 de Oira luns e venres.

### 3.7. PABELLÓN EDO OURENSE

Mantén os horarios de luns e xoves no anexo, perde o uso do anexo os martes debido á ausencia que se manifesta nos rexistros de ocupación das instalacións durante a tempada 2022-2023, que superan o 50%.

### 3.8. CLUB DEPORTIVO VELLE

Concédense os horarios solicitados.

### 3.9. SOCIEDAD DEPORTIVA CULTURAL ARRABALDO

Libera todas as franxas horarias que solicitou, agás os luns, martes, xoves e venres de 20.30h a 22h e concédese.

### 3.10. CENTED ACADEMY

Ante as circunstancias do C.D.C. Arrabaldo, pode ocupar o espazo que este club deixa libre no campo de fútbol de O Xeixo. Tamén ocupa o espazo que xa tiña na tempada anterior en Vilar onde aumenta a franxa dos martes ás 21h.

### 3.11. CLUB DEPORTIVO CULTURAL SANTA TERESITA

Admítense os horarios que presenta no campo de fútbol de Eiroás

### 3.12. VERÍN CF

Valoraremos posibilidades en función do espazo que quede libre por parte dos clubs que pertencen ao Concello de Ourense.

### 3.13. CD MUÍÑOS

Valoraremos posibilidades en función do espazo que quede libre por parte dos clubs que pertencen ao Concello de Ourense.





### 3.14. AGRUPACIÓN DEPORTIVA COVADONGA

Admítense o horario de martes e venres ás 20.30h en Eiroás.

### 3.15. COLEXIO DE ÁRBITROS RFGF

Solicitan adestrar os martes e xoves a partir das 20.00h no campo de F5 dos Remedios, pero sólo precisan vestiario, ese espazo (F5) utilizarano de xeito esporádico, polo que se tramitará semanalmente, no caso de que sexa necesario.

Facilítaselle esta posibilidade (un vestiario martes e xoves ás 20h) xa que é un colectivo que tamén precisa adestramento continuado ao longo da tempada en beneficio de todos os clubs de fútbol.

### 3.16. LAGOAS VETERANOS

Solicita instalación para xogar partidos os domingos ás 11h, pero debido á preferencia de equipos federados, non se pode establecer unha hora permanente nun mesmo campo de fútbol.

### 3.17. CD PALMÉS

Solicita o campo de Palmés para adestrar pola semana e para os partidos de liga, concédese.

### 3.18. AMOEIRO CF

Valoraremos posibilidades en función do espazo que quede libre por parte dos clubs que pertencen ao Concello de Ourense.

## 4. FÚTBOL SALA

### 4.1. OURENSE CF ONTIME

Mantén os adestramentos agás no polideportivo de Oira, que perde o uso na franxa de mércores ás 20.30h debido ás ausencias reincidentes que se manifestan nos rexistros de ocupación das instalacións durante a tempada 2022-2023, e que superan o 50%.

### 4.2. SALA OURENSE FS

Mantén os adestramentos da tempada pasada na Carballeira (mércores ás 21.30h e xoves ás 20h), e en Oira, agás os mércores ás 19h debido ás ausencias reincidentes que se manifestan nos rexistros de ocupación das instalacións durante a tempada 2022-2023, e que superan o 50%.

Na central, o primeiro equipo ocupa a última franxa dos xoves (21.30h).

### 4.3. CLUBE SECUNDINO BASALO

No polideportivo da Carballeira conta coas mesmas horas, pero cambia o luns ás 21,30h polo mércores ás 20h. Mantén o horario de martes e xoves da tempada anterior.



#### 4.4. XUVENTUDE OURENSE

En Oira mantén os horarios. Na Carballeira conta coas horas concedidas o ano pasado (sempre e cando o centro educativo non ocupe as primeiras horas da tarde), pero non coas que desfrutou tras a renuncia do Sala Ourense (mércores ás 20h e venres ás 21h).

#### 4.5. CLUB COUTO OURENSE FS

Perde o uso no anexo, na franxa de luns ás 20h debido ás ausencias reincidentes que se manifestan nos rexistros de ocupación das instalacións durante a tempada 2022-2023, e que superan o 50%.

#### 4.6. VETERANOS FS

Solicita pista de Barrocás. Ao tratarse dunha instalación de uso libre e gratuíto, neste caso, a súa xestión está encomendada a AAVV de Barrocás.

#### 4.7. CD CIDADE DE AS BURGAS FS

Mantén os horarios da tempada anterior, agás 1/3 do anexo os luns ás 18.30h debido ás ausencias reincidentes que se manifestan nos rexistros de ocupación das instalacións durante a tempada 2022-2023, e que superan o 50%.

#### 4.8. ACADEMIA FUTSAL

Poñemos a disposición deste club a franxa das 17.30h nacancha central (luns ás 17.30h).

#### 4.9. ESCOLA DEPORTIVA OURENSE

Mantén os horarios da tempada anterior os luns e xoves no anexo, pero perde o uso de 1/3 os martes ás 16h debido ás ausencias reincidentes que se manifestan nos rexistros de ocupación das instalacións durante a tempada 2022-2023, e que superan o 50%.

#### 4.10. KINA FUTSAL

Actualmente non ten ubicación.

#### 5. HOCKEY

En Mariñamansa concédense os horarios tal e como están expostos no calendario provisional.

En Oira, todas as horas que se adican a hockey-sala ás 16h e ás 22h superan o 50% de ausencias sen xustificar ao longo da tempada 2022-23, polo tanto, para poder manter estas horas para a tempada 2023-24 é preciso que a Federación Galega de Hockey nos faga chegar un **calendario de uso imprescindible por parte dos clubs** para que, cando esas franxas non sexan utilizadas para hockey-sala, queden libres e a disposición doutros clubs.



Nun principio, esas horas quedan adxudicadas ata o mes de febreiro de 2024. Para continuar o seu uso é imprescindible volver solicitalas nese propio mes, pero no caso de que as ausencias teñan superado o 50% de sesións quedarán libres para outros clubs.

#### 5.1. AD. OURENSE HOCKEY CLUB

#### 5.2. CH ALBOR

#### 5.3. CH BARROCÁS

#### 5.4. CH CIDADE DE OURENSE

#### 5.5. HC SANTIAGO APÓSTOL

#### 5.6. CLUB GIMNÁSTICO CUDEIRO

### 6. MÓDULO DE ATLETISMO

#### 6.1. CLUB OURENSE ATLETISMO

Concédesse o horario de 17h a 21h de luns a venres, e sábados de 11h a 13h.

#### 6.2. ASOCIACIÓN DE ESCALADORES OURENSÁNS.

A súa actividade de marcha nórdica realízase preferentemente no exterior, polo que a súa solicitude para utilizar o módulo depende da meteoroloxía. Polo tanto, deberanse facer solicitudes puntuais para o seu uso.

#### 6.3. CLUB NATACIÓN PABELLÓN OURENSE

A súa actividade de triatlón realízase preferentemente no exterior, polo que o uso do módulo deberase solicitar puntualmente.

### 7. PATINAXE/BICI.

#### 7.1. CLUB DEPORTIVO OURELA

Este club compite en superficie de parquet, polo que se lle conceden 2 franxas horarias na cancha central os martes, ás 18.30h e ás 20h. Na Carballeira continúa os luns de 18h a 21.30h.

#### 7.2. JABATAS ROLLER DERBY OURENSE

Solicita os xoves na última franxa horaria e concédeselle no polideportivo da Carballeira.

#### 7.3. PATINATOUR

Mantén os horarios da tempada anterior.



#### 7.4. OLALLA BOLAÑO

Solicita pista de Barrocás luns e xoves de 20h a 22h. Ao tratarse dunha instalación de uso libre e gratuito, neste caso, a súa xestión está encomendada a AAVV de Barrocás.

#### 7.5. MAESE RIDERS CLUB

Solicita pista de Barrocás luns e xoves de 20h a 22h. Ao tratarse dunha instalación de uso libre e gratuito, neste caso, a súa xestión está encomendada a AAVV de Barrocás.

### 8. PISCINAS

Todas as solicitudes concédense segundo o mapa de auga das piscinas exposto no calendario.

#### 8.1. CLUB NATACIÓN PABELLÓN OURENSE

Concédesse a maiores 1/ da C/8 de 16h a 17h.

#### 8.2. CLUB NATACIÓN SINCRONIZADA OURENSE

#### 8.3. SALVAMENTO ACUÁTICO OURENSE

#### 8.4. CIFP A FARIXA

A hora que pide no vaso pequeno da piscina de 50m coincide coa que vén utilizando Servizos Sociais do Concello de Ourense, polo tanto sólo poderá usar esa instalación de 8.15h a 9.15h cando non sexan actividades coincidentes, os martes e xoves a partir do mes de novembro o CIFP A Farixa deberá rematar a actividade ás 9h.

#### 8.5. CLUB WATERPOLO PABELLÓN OURENSE

Mantén o horario do ano pasado, cambiando o xoves polo mércores para que poidamos colocar o limpfondos da piscina, a lo menos 2 veces na semana.

Queda pendente recibir na sede electrónica quen vai facer as labores de socorrismo fóra das horas de apertura da instalación, que deberá estar habilitado/a pola AGASP.

#### 8.6. SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO

#### 8.7. COLEXIO LUIS VIVES

### 9. VOLEIBOL

#### 9.1. BURGAS VOLEIBOL

Concédeselle 1/3 do anexo na franxa horaria das 21.30h os luns e os mércores.





## 9.2. CLUB VOLEY PLAYA MILENIO OURENSE

Concédense os horarios tal e como están especificados no calendario, xa que foron consensuados entre os 2 clubs que usan as pistas de Oira.

## 9.3. CLUB VOLEIBOL OURENSE

## 9.4. CLUB VOLEIBOL SAN MARTIÑO

No anexo dispón de 1/3 os luns e os xoves a maiores da tempada pasada.

## 9.5. CLUB OURENSE VOLEI PRAIA

Concédense os horarios tal e como están especificados no calendario, xa que foron consensuados entre os 2 clubs que usan as pistas de Oira.

## 10. XIMNASIA

### 10.1. CLUB ESCOLA XIMNASIA BURGAS

Concédense os horarios expostos no calendario.

### 10.2. CLUB XIMNASIA ESCOLA PAVILLÓN

Concédense os horarios expostos no calendario.

### 10.3. CLUB XIMNASIA PAVILLÓN OURENSE

Concédense os horarios expostos no calendario.

## 11. ROCÓDROMO

En horario matutino, de luns a venres (9h a 14h), as persoas abonadas no CMD e federadas na Federación Galega de Montañismo, sempre e cando dispoñan de material propio, poderán usar o rocódromo a non ser que esté xa concedida a instalación de xeito puntual para algunha actividade organizada. Esta información poderase consultar na páxina web do CMD.

### 11.1. ASOCIACIÓN DE ESCALADORES OURENSÁNS

Mantéñense os horarios do ano pasado.

### 11.2. CLUB ALPINO OURENSÁN

Mantéñense os horarios do ano pasado.





## 12. SALA DE HALTEROFILIA

### 12.1. CLUB HALTEROFILIA PABELLÓN

Concédenselle os horarios solicitados.

Non habendo máis temas que tratar, remata a reunión ás 20:00h.

A coordinadora de deportes do CMD

O xerente do CMD

Ourense, na data da sinatura electrónica.

